

Refutación da musa, Manuel Forcadela

Carlos L. Bernárdez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BERNÁRDEZ, CARLOS L. (2011 [2003]). “*Refutación da musa, Manuel Forcadela*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2001, 319-320. Reedição en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1203>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BERNÁRDEZ, CARLOS L. (2003). “*Refutación da musa, Manuel Forcadela*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2001, 319-320.

* Edición dispoñíbel desde o 22 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

REFUTACIÓN DA MUSA, MANUEL FORCADELA

Carlos L. Bernárdez

Nunha ocasión precedente e referíndome ó anterior libro de Manuel Forcadela (Tomiño, 1958), *Morte do fadista* (Espiral Maior, A Coruña, 2000), dicía que a súa obra atinxira un repouso distante, saudoso e ó tempo pleno de lucidez. Este proceso ten unha continuación ben perceptible en *Refutación da musa*, libro que mereceu o premio Aula de Poesía de Barcelona e mais o Premio da Crítica Española, no seu apartado de Lingua Galega.

Como no seu anterior poemario, Forcadela constrúe un mundo concentrado, cheo de referencias míticas e metaliterarias, nas que o mundo grecolatino ten unha presenza importante, elaborado nunha requintada estrutura formal e empeñado na introspección profunda, na reflexión sobre as chaves da creación poética e cultural do home occidental, un home herdeiro da cultura e da retórica clásica e sempre situado a carón do abismo, entre a razón e a pulsión, nesa tensión clásico-romántica que caracteriza boa parte da nosa cultura desde o século XVIII, desde ese momento fulcral no que se crea a nosa modernidade estética e filosófica.

Porque *Refutación da musa* aparece xa desde o propio título esa tensión tan característica da cultura occidental na que sempre está ó fondo o ideal clásico, que en momentos históricos se tenta recompor, como se se tratase dunha unidade perdida. Xa Hegel reflexionaba sobre a imposibilidade de recuperarmos o perdido, o ideal clasicista.

Esta perda fórmulase en toda a nosa tradición cultural como autoconciencia do suxeito, o que na poesía de Forcadela é máis que evidente, un suxeito que nunca máis poderá ser inxenuo, aínda que si sentimental. Ó tomar conciencia de si [120] mesmo fronte ó outro perde a inxenuidade que a inmediatez implica, e xa sempre semellante autoconciencia acompañará a calquera pretensión de relación co clásico. Este proceso que se fai explícito en moitos momentos da cultura literaria e plástica occidentais é en *Refutación da Musa* un elemento nuclear e deixa en evidencia a fractura que sempre acompañará a lucidez.

O distanciamento que esta fractura introduce na nosa construción cultural provoca a reafirmación dunha das categorías centrais da nosa ollada contemporánea, a ironía, ironía que aparece longamente en *Refutación da Musa*. A ironía que refuga o programa marcado pola tradición do ideal clásico, que o “refuta”, pero que tamén rexeita a propia necesidade de distanciamento; un poema como “Galería de femias” é un magnífico exemplo. Lendo *Refutación da musa* reafirmámonos na nosa visión de que temos conciencia de que calquera recurso é só iso, unha forma de linguaxe ou de estilo, que soamente é unha ficción.

Forcadela incorpora esa ironía distanciada xa desde a cita de Nietzsche e desde o seu poema inicial “Proemio” no que se dirixe á musa manifestando que a súa única realidade é como linguaxe:

Se heroicos xa sabemos que pouco en ti é real
E nada conmemoras por riba da linguaxe [...]
Que nunca saiban ver que es néboa soamente

A tensión clásico-romántica, á que faciamos referencia ó falarmos da razón e a pulsión, é outra das claves estruturais e temáticas do libro, poemas como “Carl Gaspar Friedrich” son un bo exemplo. Nel evócase a Alemaña romántica por medio da alusión ó gran pintor romántico Caspar David Friedrich; outro exemplo pode ser “Caída do imperio romano” co típico tema clásico-romántico da ruína evocada. Neste equilibrio entre estes dous polos da nosa tradición cultural Forcadela actúa como os grandes constructores da modernidade para os que a literatura e a arte xa non estaba referida a grandes ideais cognoscitivos, relixiosos ou morais, senón a un ideal especificamente estético no que a linguaxe reina como un deus, velaquí como o expresa no poema “Salmos”:

Mais souben finalmente que existe, que pertences
á vacua monarquía da linguaxe,
dominio establecido no punto cenital
que axunta a presunción e a realidade

O discurso do poeta “nútrese aquí de si mesmo”, como afirma noutro lugar, o discurso do poeta mais tamén o da propia linguaxe:

Pois deben os poetas tratar co creador
que asoma en cada signo da linguaxe,
e seren así deuses, tamén á súa maneira.

Para ó longo de todo o poemario unha antiépica contemporánea que tamén é un manifesto recoñecemento dun ideal clásico imposible, pénsese no irónico poema “Galería de femias portentosas” e en especial a parte titulada “Cabaret”.

A pesar desa imposibilidade de ideal, Forcadela ofrécenos cos seus poemas a ofrenda, no máis puro sentido clasicista, da beleza, ese remol dunha idade de ouro quizais nunca existente, e xunto con ela unha lúcida e irónica lectura do mundo desde a clarividencia e a sutileza, desde a linguaxe, para traducir o mundo, xa que irremediabelmente non podemos construílo.